

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO



Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Universidade de Vigo

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

APROBADO EN XUNTA DE ESCOLA O 23 DE SETEMBRO DE 2015
APROBADO POLO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DE VIGO O 29
DE OUTUBRO DE 2015

Título Preliminar

Título I: Da Xunta de Escola

Capítulo 1º: Normas Xerais

Capítulo 2º: Do Regulamento da Xunta de Escola

Sección 1ª: Da composición da Xunta de Escola

Sección 2ª: Das funcións da Xunta de Escola

Sección 3ª: Da convocatoria e funcionamento da Xunta de Escola

Capítulo 3º: Das comisións delegadas da Xunta de Escola

Título II: Dos órganos unipersoais de goberno

Título III: Das Xuntas de Titulación

Título IV: Das comisións académicas

Título V: Da Comisión de Garantía de Calidade

Título VI: Do fomento das actividades da Delegación de Alumnos da Escola

Título VII: De outras comisións da Escola

Título VIII: Da aprobación e reforma deste regulamento

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lei Orgánica de Universidades e os Estatutos da Universidade de Vigo, rexerese polo presente Regulamento.

Artigo 2

A xestión da Escola estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías. Sen prexuízo do establecido polas normas vixentes e por este Regulamento, cada estamento da Escola poderase dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

TÍTULO I: DA XUNTA DE ESCOLA

CAPÍTULO 1º: Normas Xerais

Artigo 3

A Xunta de Escola é o órgano Colexiado de representación e decisión do Centro, coas competencias que lle son atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo presente Regulamento.

Artigo 4

1. As decisións que tome a Xunta de Escola, en materias da súa competencia, adoptaran a forma de acordos, mocións ou propostas.
2. Só os acordos vinculan ó/a Director/a no exercicio das súas competencias.
3. Os acordos da Xunta de Escola son susceptibles de recurso de alzada nun prazo de un mes perante o Consello de Goberno, esgotando a vía administrativa, e só son posteriormente recorribles pola vía contencioso-administrativa. A interposición do recurso poderá suspender a execución do acto ou disposición impugnados cando, do contrario, poidan producirse danos de imposible ou difícil reparación, sempre que o interese público non se vexa prexudicado pola falta de execución inmediata.

Artigo 5

Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 26.3 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 6

1. A proposta da Xunta de Escola, poderán ser invitados as súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da Comunidade Universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos mesmos.
2. En todo caso, as sesións da Xunta de Escola estarán abertas ós membros da Comunidade Universitaria pertencentes á Escola. A este efecto, habilitaranse prazas perfectamente delimitadas e separadas, sempre que o local o permita.
3. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar o requiran, o/a Director/a poderá convocar ás sesións da Xunta de Escola, con voz pero sen voto, a persoas que poidan estar directa ou indirectamente relacionadas cos asuntos a tratar. De tódolos xeitos, antes da intervención da persoa convocada, o/a Director/a solicitará o praxe da Xunta de Escola.

Artigo 7

Os acordos da Xunta de Escola serán executados polo/a Director/a a maior brevidade posible. No caso de que delegue, velará pola execución dos mesmos.

Artigo 8

A Xunta de Escola actúa en Pleno ou nas Comisións Delegadas ás que se refire o presente Regulamento.

Artigo 9

A normativa estatal básica sobre o Procedemento Administrativo Común en materia de funcionamento dos órganos colexiados será supletoria en todos aqueles aspectos non previstos na normativa da Universidade de Vigo nin neste Regulamento.

CAPÍTULO 2º: Do Regulamento da Xunta de Escola

Sección 1ª: Da composición da Xunta de Escola

Artigo 10

A Xunta de Escola estará composta por:

- a) O/A Director/a que a convocará e presidirá.
- b) O/A Secretario/a da Escola que actuará de Secretario/a da propia Xunta de Escola.
- c) Os/As Subdirectores/as da Escola.
- d) Todo o profesorado da Escola con vinculación permanente á Universidade de Vigo, que constituirá o 51% da Xunta de Escola. Os profesores/as que impartan docencia tamén noutros Centros, só serán membros desta Xunta de Escola no suposto de que impartan na mesma a maioría das súas horas de docencia. Nos casos de igualdade de carga docente en varios Centros, o/a profesor/a respectivo/a terá que optar por ser membro da Xunta dun deles.
- e) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade de Vigo igual ó 9% da composición total da Xunta de Escola, dos cales polo menos o 80% serán con dedicación a tempo completo.
- f) Unha representación dos estudantes igual ó 30% da composición total da Xunta de Escola, dos cales unha sexta parte serán estudantes do 3º ciclo, no caso de que se presenten como candidatos.
- g) Unha representación do persoal de administración e servizos igual ó 10% da composición total da Xunta de Escola.

Artigo 11

Tódolos membros electos da Xunta de Escola o serán por un período de dous anos.

Artigo 12

Se algún dos representantes electos renunciara ó seu posto ou deixara de pertencer á Universidade de Vigo ou ó sector para o que foi elixido, será substituído polo que obtivera máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a ser elixido.

Artigo 13

A elección dos representantes do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade de Vigo, dos estudantes e do persoal de administración e servizos levarase a cabo segundo a normativa específica da Universidade de Vigo.

Sección 2ª: Das funcións da Xunta de Escola

Artigo 14

Son funcións da Xunta de Escola, de acordo co artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as seguintes:

- a) A elaboración, aprobación e modificación da proposta de seu regulamento de réxime interno.
- b) A elección e revogación de Director/a.
- c) A implantación e seguimento dos plans de estudos.
- d) O coidado do bo funcionamento de tódolos órganos e servizos da Escola.
- e) A resolución de conflitos que se poidan producir no seo da Escola.
- f) A promoción e o ordenamento da realización de Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Máster, e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para obter os títulos.
- g) A proposición e aplicación das normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- h) A preparación e coordinación, de modo eficaz e adecuado, do horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como a habilitación de medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- i) A distribución dos espazos que lle sexan asignados.
- j) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo e non atribuídas expresamente ó Director/a.

Sección 3ª: Da convocatoria e funcionamento da Xunta de Escola

Artigo 15

1. As sesións da Xunta de Escola poden ser ordinarias ou extraordinarias.
2. As sesións ordinarias teranse que celebrar alomenos unha vez ó ano.
3. As sesións extraordinarias estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria.

Artigo 16

1. A convocatoria da Xunta de Escola correspóndelle ó/a Director/a.
2. O/A Director/a deberá así mesmo convocar a Xunta de Escola cando sexa solicitada por, alomenos, un 20% dos membros da Xunta. Os solicitantes deberán

indicar o punto ou puntos que desexen tratar na sesión. A Xunta de Escola deberá ter data de convocatoria nun prazo máximo de 15 días hábiles a partires da dita petición.

3. Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de tódolos seus membros, mediante notificación na que se fará constar a orde do día e, asemade, día, hora e lugar da reunión.
4. A convocatoria, contendo a orde do día, será remitida por vía electrónica cunha antelación de 72 horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente. Neste caso, deberá respectarse un prazo mínimo de 48 horas. A documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición dos membros da Xunta de Escola cunha antelación de 24 horas.
5. A convocatoria remitirase, no caso dos estudantes, ós locais da Delegación de Alumnos e, en períodos que non haxa docencia, tamén ós correos electrónicos particulares.
6. Nos horarios de clase reservaranse, sempre que sexa posible, alomenos dúas horas á semana para a celebración de Xuntas de Escola e reunións das Comisións.
7. As Xuntas de Escola ordinarias celebraranse durante o período lectivo en días administrativamente hábiles.
8. As Xuntas de Escola extraordinarias celebraranse durante o período lectivo en días administrativamente hábiles sempre que a urxencia dalgún dos temas a tratar non esixa o contrario. Neste último caso celebraranse calquera día administrativamente hábil, agás no mes de agosto.

Artigo 17

1. A orde do día será elaborada polo/a Director/a, asistido polo/a Secretario/a e mailo equipo directivo.
2. Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos de aprobación da acta da sesión ou das sesións anteriores, e de rogos e preguntas, salvo que a sesión de Xunta de Escola sexa extraordinaria.
3. Tamén deberán ser incluídos na orde do día os puntos que se soliciten por acordo da sesión anterior e os que, previamente, soliciten por escrito polo menos un 10% dos membros da Xunta de Escola.
4. A fin de que poida preparar as respostas, as preguntas ó/a Director/a poderanse presentar por escrito ata 48 horas antes da celebración da Xunta de Escola.
5. Agás nos casos xustificadas, o/a Director/a terá a obriga de responder na seguinte Xunta de Escola ás preguntas que non sexan contestadas na mesma sesión.

Artigo 18

1. Para a válida constitución da Xunta de Escola será necesaria en primeira convocatoria a presenza do Presidente e Secretario/a ou dos seus respectivos substitutos, e de polo menos da metade dos seus membros.
2. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora mais tarde, constituirase validamente cun 25% dos seus membros, sendo necesaria a presenza do Presidente e Secretario/a ou dos seus respectivos substitutos.
3. De non conseguir o quórum sinalado na segunda convocatoria, haberá que proceder a unha nova convocatoria da Xunta de Escola o mais pronto posible segundo o procedemento descrito no Artigo 16.

Artigo 19

1. A Xunta de Escola será presidida polo/a Director/a ou quen faga as súas veces, asistido dunha Mesa integrada polos Subdirectores e o/a Secretario/a. A Mesa interpretará o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén ordenará os debates.
2. En caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa de forza maior que impida a súa asistencia, o/a Director/a poderá ser substituído por un dos Subdirectores, e o/a Secretario/a por un membro da Xunta de Escola designado polo/a Director/a.
3. A secuencia da orde do día poderá ser alterada cando así o aprobe a maioría simple dos presentes.

Artigo 20

1. Correspóndelle ó/á Director/a, como presidente da Xunta de Escola, a apertura da sesión.
2. O/A Director/a dirixirá e ordenará os debates. Fixará o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra determinará a duración de cada intervención. O/A Director/a prolongará o tempo de debate no caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema non queda suficientemente debatido.
3. Os membros da Xunta de Escola teñen dereito ó uso da palabra en relación a calquera punto da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando fala, senón para ser chamado a orde ou a cingirse ó tema polo/a Director/a. O/A Director/a poderá retirar o uso da palabra despois de dúas chamadas a orde.
4. Os membros da Xunta de Escola poderán ser chamados a orde cando, con interrupcións, ou de calquera outra forma, alteren o orden das sesións, cando pretendan facer uso da palabra sen solicitalo previamente ó/á Director/a e obter permiso, ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra unha vez que lle fose retirada.
5. En calquera momento do debate, un membro da Xunta de Escola poderá pedir ó/á Director/a a observancia de cuestións de orden do presente Regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclama a súa aplicación.
6. O/A Director/a concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo que fixe.
7. No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta de Escola, o/a Director/a disporá a interrupción da mesma, fixando a data e hora na que deberá continuarse.

Artigo 21

1. Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta, salvo no disposto expresamente para determinados temas neste Regulamento. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estivesen presentes alomenos o quórum correspondente á segunda convocatoria da Xunta de Escola.
2. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, e secretas cando o solicite algún dos membros presentes. En todo caso, as votacións serán secretas cando afecten a persoas concretas.

3. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

Artigo 22

1. O/A Secretario/a da Xunta de Escola levantará acta de tódalas súas sesións. As actas serán confeccionadas segundo o expresado no artigo 27 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
2. Cada acta será asinada polo/a Secretario/a da Xunta de Escola co visto e prace do presidente da sesión reflectida.
3. Co fin de que se remitan debidamente rexistradas as obxeccións á acta que procedan, o/a Secretario/a remitirá a tódolos membros da Xunta de Escola a acta da sesión nun prazo máximo de 15 días administrativamente hábiles trala celebración da mesma, e nunca mais tarde de 5 días administrativamente hábiles antes da celebración da sesión na que o documento vai ser aprobado.

Artigo 23

1. As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas, que quedará baixo a custodia do/a Secretario/a, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Escola. As actas aprobadas faranse públicas na web da Escola.
2. Darán fe dos acordos e propostas da Xunta de Escola as certificacións expedidas polo/a Secretario/a da mesma.
3. As certificacións poderán expedirse:
 - a) De oficio por requirimento do Claustro, da Xunta de Goberno, dos órganos das Administracións Públicas ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia de calquera membro da comunidade universitaria da Escola. Neste último caso o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.
4. A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido a Xunta de Escola comprenderá o acordo literal tomado por esta, o tipo de recurso pertinente e mailo prazo do que dispón o interesado.
5. Nas certificacións de acordos adoptados, emitidos con anterioridade a aprobación da acta, farase constar expresamente esta circunstancia.

CAPÍTULO 3º: Das Comisións delegadas da Xunta de Escola

Artigo 24

Sen prexuízo das comisións específicas que a Xunta de Escola poida establecer, no uso das súas competencias e na forma que determine para temas concretos, créase a seguinte comisión estable: Comisión Permanente.

Esta comisión delegada terá carácter consultivo, agás naqueles casos que a Xunta de Escola, mediante acordo expreso, ou o presente Regulamento lles outorgue competencias executivas. Estará presidida polo/a Director/a ou persoa na que delegue.

Artigo 25

1. Sen prexuízo das funcións específicas desta comisión, a misión da mesma é preparar as decisións da Xunta de Escola a través do estudo e informes previos dos asuntos correspondentes ós seus ámbitos de competencia.
2. Os informes emitidos por esta comisión non terán carácter vinculante respecto das decisións da Xunta de Escola.
3. Serán tamén competencias desta comisión informar ou elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito que lle presente o/a Director/a ou a propia Xunta de Escola.
4. As normas de funcionamento desta comisión serán as mesmas cas especificadas para a Xunta de Escola no Título I Capítulo 2º sección 3ª deste Regulamento.

Artigo 26

1. A Comisión Permanente estará composta por membros natos e membros electos.
2. Os membros electos serán elixidos separadamente en cada un dos sectores da Xunta de Escola (profesorado con vinculación permanente, persoal docente e investigador sen vinculación permanente, estudantes e persoal de administración e servizos), por entre os membros da Xunta de Escola.
3. A elección de membros da Comisión Permanente realizarase cada dous anos por sectores, en listas abertas con suplentes, por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dentro dunha sesión da Xunta de Escola. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
4. Ningún membro pode presentarse como candidato/a e suplente a mesma comisión.
5. Cada membro da Xunta de Escola poderá dar o seu voto a un número de candidatos do seu sector que non supere o 70% dos membros que deben ser elixidos polo seu sector.
6. Os membros da Comisión Permanente poderán ser substituídos en cada caso dentro do seu sector. De tódolos xeitos tanto os membros titulares como os suplentes deberán ser membros da Xunta de Escola.
7. Os membros da Comisión Permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros de Xunta de Escola.
8. Calquera baixa dos membros elixibles será cuberta polo candidato que obtivera maior número de votos nas eleccións correspondentes sen chegar a ser elixido.

Artigo 27

A Comisión Permanente estará integrada por:

- a) O/A Director/a, que a convocará e presidirá, ou persoa en quen delegue.
- b) O/A Secretario/a da Escola, que o será tamén desta Comisión.
- c) Os/As Subdirectores/as.
- d) Dez profesores con vinculación permanente á Universidade de Vigo.
- e) Dous membros do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade de Vigo.
- f) Seis estudantes.
- g) Dous membros do persoal de administración e servizos.

Artigo 28

A Comisión Permanente será competente nos seguintes asuntos:

- a) Calendario e procedemento interno de elaboración e aprobación das guías docentes.
- b) Calendario e normativa de exames.
- c) Normativa de Erasmus.
- d) Aprobación de cursos de formación, cursos complementarios e cursos asimilables.
- e) Seguimento das titulacións oficiais impartidas pola Escola.
- f) Emisión de informes de actividade docente.
- g) Tribunais extraordinarios dos exames e probas de avaliación.
- h) Normativa para a realización das probas de conxunto para a homologación de títulos.
- i) Supervisión do cumprimento dos dereitos e deberes dos alumnos da Escola no ámbito de competencias da mesma.
- j) Reparto do orzamento da Escola.
- k) Toma de decisións referentes ó gasto das partidas orzamentarias da Escola.
- l) Uso dos espazos e instalacións da Escola.
- m) Supervisión do cumprimento das obrigas docentes.
- n) Validacións, adaptacións, renuncias, avaliacións curriculares e procedementos asimilables.
- o) Velar polo exercicio do dereito dos estudantes á revisión de exames antes de que as cualificacións sexan definitivas, tal como recolle o Artigo 101 dos Estatutos da Universidade de Vigo.
- p) Desenvolver iniciativas para conseguir fondos financeiros para a Escola de institucións externas á Universidade.
- q) Resolver os asuntos de trámite.
- r) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Escola.
- s) Exercer todas aquelas funcións que delegue nela a Xunta de Escola.
- t) Pronunciarse sobre tódolos asuntos de competencia directa do/a Director/a que someta a súa consideración.

TÍTULO II: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Artigo 29

1. Os órganos unipersoais de goberno da Escola están desempeñados polas persoas integrantes do equipo de dirección da mesma.
2. Son órganos de goberno unipersoais:
 - a) O/A Director/a.
 - b) Os/As Subdirectores/as.
 - c) O/A Secretario/a.

Artigo 30

1. Conforme os artigos 54 e 64 dos Estatutos da Universidade de Vigo, O/A Director/a será elixido pola Xunta de Escola e nomeado polo Reitor entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade de Vigo adscrito á Escola, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
2. O/A Director/a será elixido polo pleno da Xunta de Escola, reunida en sesión extraordinaria, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Para a súa elección non se admitirá a delegación do voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo. No caso de ser candidato/a único/a ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.
3. Esta elección rexerese polo establecido na lexislación vixente que lle sexa de aplicación, polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo correspondente Regulamento, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.

Artigo 31

1. Antes de proceder á elección de Director/a, constituirase unha xunta electoral que fará a proclamación de candidatos e resolverá tódalas cuestións que se deriven do proceso electoral.
2. A xunta electoral da Escola estará integrada por:
 - a) O/A Director/a en funcións que a presidirá.
 - b) O/A Secretario/a da Escola que actuará como secretario/a da mesma.
 - c) Un membro do profesorado, un do persoal de administración e servizos e un estudante designados por sorteo público así como os seus suplentes.
3. No caso de que o/a Director/a en funcións sexa candidato/a, cesará na súa condición de presidente da xunta electoral e será substituído polo profesor máis antigo segundo prelación de corpos.
4. A xunta electoral terá as seguintes funcións:
 - a) Velar polo estrito cumprimento da normativa sobre eleccións e fixar o calendario electoral.
 - b) Facer a proclamación definitiva do candidato ou candidatos a Director/a.
 - c) Elevar a proposta de Director/a electo ó Reitor/a.

Artigo 32

1. A Xunta de Escola reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na

convocatoria para elección do Director/a, sendo presidida polo presidente da xunta electoral, quen outorgará un tempo de 15 minutos a cada un dos candidatos para que expoñan o seu programa e de seguido, noutros 15 minutos, respondan ás preguntas que se lles formulen. Rematadas as intervencións procederase á votación que será nominal e secreta.

2. Rematado o escrutinio, resultará elixido aquel dos candidatos que obteña a maioría absoluta dos votos dos asistentes. No caso de non ser acadada a devandita maioría, celebrarase unha segunda votación na que resultará elixido aquel dos candidatos que obteña maior número de votos. Se hai un único/a candidato/a, terá que acadar maior número de votos a favor que en contra.
3. Finalizada a votación, o/a Secretario/a da Escola levantará a correspondente acta na cal se recollerán tódalas incidencias e o resultado do escrutinio. O presidente elevará o resultado ó Reitor/a para que se dite a resolución de nomeamento correspondente.

Artigo 33

O/A Director/a designará de entre tódolos membros da Escola os restantes membros do equipo directivo que serán nomeados polo Reitor/a segundo os artigos 66 e 67 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Artigo 34

1. O/A Director/a representa á Escola, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes.
2. O/A Director/a da Escola, asistido polo seu equipo directivo, ten as seguintes funcións:
 - a) Exercer a representación da Escola.
 - b) Convocar e presidir a Xunta de Escola.
 - c) Executar os acordos da Xunta de Escola.
 - d) Supervisar o funcionamento dos servizos da Escola.
 - e) Dirixir a xestión ordinaria da Escola.
 - f) Propoñer, oída á Xunta de Escola, a iniciación de expediente disciplinario a calquera dos membros da Escola. No caso dun/dunha profesor/a, a proposta dirixirase ó Departamento correspondente.
 - g) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
 - h) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e este Regulamento.

Artigo 35

Son competencias e funcións dos/as Subdirectores/as as que lle asigne o/a Director/a, así coma todas aquelas que lles atribúa o presente Regulamento.

Artigo 36

Son competencias do/a Secretario/a:

- a) Redactar as actas, gardalas e dar fe das actuacións dos órganos de goberno da Escola.
- b) Custodiar os libros de actas.

- c) Expedir os documentos e certificacións das actas dos acordos dos órganos da Escola.
- d) Coidar a publicidade dos acordos e resolucións dos órganos de goberno da Escola, de acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e neste Regulamento.
- e) Organizar os actos solemnes da Escola e vixiar o cumprimento do protocolo.
- f) Recibir e custodiar as actas de cualificación de materias.
- g) Calquera outra función que lle delegue o/a Director/a da Escola.

Artigo 37

O/A Director/a poderá cesar por finalización do seu mandato, por pedimento propio, perda das condicións necesarias para ser elixido e por moción de censura nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo e no presente Regulamento.

Artigo 38

1. A Xunta de Escola pode esixirlle responsabilidade o/a Director/a mediante a presentación dunha moción de censura.
2. A moción de censura deberá ser presentada no Rexistro da Escola coas sinaturas alomenos dun 25% dos membros da Xunta de Escola e conterá as razóns que a fundamentan, o nome do/a candidato/a alternativo/a e das persoas do seu equipo.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a Director/a estará obrigado a convocar unha Xunta de Escola extraordinaria con este único punto da orde do día, dentro dos seguintes quince días hábiles á recepción do escrito de moción no Rexistro da Escola.
4. Aberta a sesión, o/a candidato/a alternativo/a disporá dun tempo de corenta e cinco minutos para expoñer os argumentos nos que fundamenta a súa moción. O/A Director/a disporá a continuación de igual tempo para o uso da palabra. A continuación abrirase unha quenda de intervencións, distribuíndose o tempo en función do número de peticións de palabra solicitadas. En todo caso, o/a candidato/a alternativo/a e o/a Director/a disporán cada un deles dun tempo de quince minutos para rematar o debate.
5. Concluído o debate procederase a votar a moción de censura, segundo o procedemento establecido na normativa para a elección de Decanos e Directores de Centros.
6. A aprobación da moción de censura requirirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola.
7. Se a moción de censura fose aprobada, o/a Secretario/a da Escola remitirá a acta correspondente ó Reitor, para que se proceda ó nomeamento do/a novo/a Director/a.
8. Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios, consideraríase rexeitada, e cada un/unha dos asinantes da mesma non poderán subscribir outra moción de censura no prazo dun ano.

Artigo 39

Os/As Subdirectores/as e o/a Secretario/a cesarán por pedimento propio, por decisión do/a Director/a, por finalización do mandato do/a Director/a e por perda das condicións necesarias para ser nomeados.

TÍTULO III: DAS XUNTAS DE TITULACIÓN

Artigo 40

1. As Xuntas de Titulación, prevista no artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo, crearanse no momento que se lle asigne algunha nova titulación a esta Escola.
2. As Xuntas de Titulación son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para cada titulación de grao as propostas do plan de estudos. Terán, ademais, tódalas competencias que se lles atribúan pola normativa correspondente.
3. A Xunta de Titulación terá a composición e as funcións ditadas pola Normativa sobre a Estrutura e Orientación Académica de Planes de Estudio, Sección 2, da Universidade de Vigo.

TÍTULO IV: DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS

Artigo 41

1. As comisións académicas ocúpanse, entre outras competencias, de garantir a adecuada coordinación entre os módulos/materias ó longo dunha titulación.
2. Crearase unha comisión académica por cada unha das titulacións de Grao e Máster asignadas a esta Escola.
3. Son tarefas destas comisións:
 - a) Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (horarios de clases e titorías, elaboración e aprobación das guías docentes das materias) e velar pola dispoñibilidade de espazos (aulas, laboratorios, equipos de vídeo conferencia, etc.), en coordinación co Centro.
 - b) Seleccionar os estudantes admitidos na titulación.
 - c) Emitir informe para o recoñecemento de créditos conforme á normativa da Universidade de Vigo.
 - d) Elaborar o POD/PDA da titulación no prazo establecido pola Universidade.
 - e) Análise das distintas propostas de mellora.
 - f) Establecer criterios básicos de avaliación.
 - g) Organizar actividades conxuntas que afecten a máis dunha materia.
 - h) Xestionar e informar sobre as validacións das materias para o alumando procedente de outras titulacións.
 - i) Normativa do Traballo Fin de Grao (TFG) ou Traballo Fin de Máster (TFM).
 - j) Xestionar a realización de prácticas en empresas por parte dos estudantes.
 - k) Xestionar todos os asuntos relacionados con dobres titulacións.
 - l) Todas aquelas que estableza e aprobe a Xunta de Escola
4. A composición destas comisións será regulada e aprobada pola Xunta de Escola, tendo en conta as normas recollidas na correspondente memoria de titulación.

TÍTULO V: DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

Artigo 42

1. A Escola terá unha Comisión de Garantía de Calidade.
2. A composición da Comisión de Garantía de Calidade cumprirá o disposto no manual de calidade da Escola e o nomeamento dos seus membros será aprobado pola Xunta de Escola.
3. Correspóndelle á Comisión de Garantía de Calidade as seguintes funcións:
 - a) Examinar a planificación do SGIC (Sistema de Garantía Interno de Calidade) da Escola, de modo que se asegure o cumprimento dos requisitos xerais do manual de calidade, da política e obxectivos de calidade, así como dos requirimentos contemplados nas normativas de verificación e certificación correspondentes.
 - b) Difundir a toda a Escola a información recibida do/a Directora/a respecto á política e os obxectivos de calidade da Escola.
 - c) Recibir e, no seu caso, coordinar a formulación dos obxectivos anuais da Escola e realizar o seguimento da súa execución.
 - d) Realizar o seguimento da eficacia dos procedementos a través dos indicadores asociados ós mesmos.
 - e) Recibir información do/a Director/a sobre os proxectos de modificación dos diagramas de fluxo e tomar posición ante os mesmos.
 - f) Controlar a execución das accións correctivas e/ou preventivas; das actuacións derivadas da revisión do sistema; das accións de resposta ás suxestións, queixas e reclamacións e, en xeral, de calquera proxecto ou proceso que non teña asignado especificamente un responsable para o seu seguimento.
 - g) Estudar e, no seu caso, aprobar a implantación das propostas de mellora do SGIC suxeridas polos restantes membros da Escola.
 - h) Decidir a periodicidade e a duración, dentro do seu eido de competencia, das campañas de recollida de enquisas de medida de satisfacción dos grupos de interese.
 - i) Propor criterios para a consideración de propostas de mellora que se poidan derivar dos resultados das enquisas de satisfacción que lle transmitirá o/a Coordinador/a de Calidade.
 - j) Asesorar á Dirección sobre aspectos relacionados co SGIC, e propor a aprobación de resolucións da Xunta de Escola.
 - k) Favorecer a participación de todos os grupos de interese no proceso de mellora de calidade que se levan a cabo no Centro.
4. En todo caso, a Comisión de Garantía de Calidade rexerese pola normativa específica da Universidade de Vigo.

TÍTULO VI: DO FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA DELEGACIÓN DE ALUMNOS DA ESCOLA

Artigo 43

1. A Xunta de Escola facilitaralle, na medida das súas posibilidades, ós estudantes as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias, que poidan contribuír a mellorar a súa formación.
2. A tal fin, a Xunta de Escola, na medida das súas posibilidades, porá a disposición da Delegación de Alumnos os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 44

1. A Delegación de Alumnos terá autonomía para :
 - a) Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos.
 - b) Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, informando ó/a Director/a da Escola.
 - c) Crear tódalas seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins.
 - d) Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da Universidade e, tamén, de institucións externas a mesma, tanto privadas como públicas.
2. O control do gasto das actividades da Delegación de Alumnos, que exceda do dez por cento do seu presuposto, terá intervención compartida polo/a Secretario/a da Escola.
3. O estado inicial e final do presuposto da Delegación de Alumnos e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Escola sempre que esta o requira.

TÍTULO VII: DE OUTRAS COMISIÓNS DA ESCOLA

Artigo 45

1. Para o exercicio das súas funcións, a Xunta de Escola poderá crear comisións informativas ou de traballo.
2. No acordo de creación das devanditas comisións deberán figurar entre outros os seguintes aspectos:
 - a) Composición
 - b) Funcións
 - c) Carácter, permanente ou temporal, da comisión.

TÍTULO VIII: DA APROBACIÓN E REFORMA DESTE REGULAMENTO

Artigo 46

A presente proposta de Regulamento considerárase aprobado, se acada a maioría absoluta de votos afirmativos dos membros da Xunta de Escola. A súa entrada en vigor terá lugar no momento da aprobación do mesmo polo Claustro da Universidade.

Artigo 47

1. A iniciativa para reforma-lo presente Regulamento corresponde ó/á Director/a ou a un 25% dos membros da Xunta de Escola.
2. As propostas de reforma dirixidas ó Presidente da Xunta de Escola deberán acompañarse dun texto articulado e da argumentación na que se fundamentan.
3. O debate para a reforma do Regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria da Xunta de Escola.
4. Previamente ó debate para reformar o Regulamento someterase a consideración da Xunta de Escola a conveniencia de proceder a súa reforma, e no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ó texto presentado.
5. A reforma do Regulamento requirirá a maioría absoluta de votos afirmativos dos membros da Xunta de Escola.